

NORMAS PARA USO DOS POSTOS DE INVESTIGADORES (1-49)



1. Os postos poden ser **reservados** por:
 - ✓ Persoal Docente e Investigador (PDI) da USC
 - ✓ Persoas matriculadas nos cursos de doutoramento na USC
 - ✓ Persoal investigador externo que estea realizando a investigación baixo a tutela de PDI da USC, condición que deberán demostrar documentalmente.
2. O dereito é **individual**, polo tanto non se permite o seu uso a ningunha persoa “autorizada” por quen ten a reserva.
3. A reserva do posto é por **un mes**, prorrogable se hai unha **ocupación efectiva**. Solicitárase no mostrador ou por correo electrónico dirixido a **derprest@usc.es**.
4. Enténdese por ocupación efectiva o uso diario do posto; a non xustificación de ausencia por **máis de 3 días lectivos consecutivos**, dará lugar á retirada da asignación do posto.
5. De haber postos baleiros adxudicárase inmediatamente e, de non ser así, quedará en **lista de agarda**. A comunicación da dispoñibilidade realizarase por correo electrónico, tendo **48 horas** para confirmalo. De non facelo, decaerá a reserva. Calquera aclaración: **derprest@usc.es**
6. Daráselle unha **chave** no mostrador que deberá ser **devolta** despois de cada uso. Non se permite sacala fóra das instalacións da Biblioteca.
7. Recoméndase **non gardar nada de valor** nos postos, pois a biblioteca non se fai responsable.
8. O material da biblioteca non prestado pode permanecer na mesa de estudo mentres se estea a utilizar. Unha vez consultado, depositárase nos **carríños** habilitados ao efecto. Non deben ser recolocados nos estantes.
9. Non está autorizada ningunha clase de **decoración** dos postos. O persoal da biblioteca está autorizado a retirar todas as pertenzas das persoas usuarias que considere non respecten esta norma.
10. O non cumprimento de calquera destas normas -así como ter libros en préstamo fóra de prazo despois de ter sido reclamados-, dará lugar á retirada da asignación do posto e á **inhabilitación** para volver utilizar este servizo nos seguintes **6 meses**.

